



Convocatoria do plan propio da Universidade da Coruña para o préstamo de ordenadores portátiles ao seu estudiantado no curso 2025/26

A Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade fai pública esta convocatoria de préstamo de ordenadores portátiles destinada ao estudiantado matriculado na Universidade da Coruña (UDC) no curso 2025/26 en titulacións oficiais de grao e mestrado que se atope en situación de dificultade e non estea a dispoñer dun ordenador que lle permita o normal seguimento das súas actividades académicas ao longo do curso.

BASES

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é establecer o procedemento para levar a cabo, en réxime de concorrencia competitiva, o préstamo de 47 ordenadores portátiles para o estudiantado da UDC que non estea a dispoñer dun ordenador que lle permita o normal seguimento das súas actividades académicas, e se atope en situación de dificultade ou que o precise por causas excepcionais e sobrevidas.

SEGUNDA. Requisitos

Poderá ser beneficiario o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado nunha titulación oficial de grao ou mestrado, nun centro propio da UDC, durante o curso académico 2025/26, e estar ao corrente do pagamento dos prezos públicos correspondentes. Requírese manter a matrícula todo o curso.
- b) Non dispoñer de ordenador portátil nin dos medios necesarios para a súa adquisición.
- c) Aceptar as condicións do préstamo e da devolución do ordenador portátil segundo as bases establecidas nesta convocatoria.

Ademais de satisfacer os requisitos anteriores, debe xustificar que se atopa nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ser solicitante de bolsa e cumprir os requisitos económicos establecidos na convocatoria de bolsas de carácter xeral do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes para o curso 2025/26.
- b) Ter sido beneficiario da axuda da UDC para o estudiantado en situación de dificultades económicas no curso 2024/25.
- c) Ser beneficiario da prestación do ingreso mínimo vital.
- d) Outras circunstancias que poidan condicionar a situación persoal e socioeconómica da unidade familiar do estudiantado.

Non poderá participar o estudiantado que estea a cursar un programa de mobilidade nacional ou internacional durante o curso 2025/26.

Este préstamo é incompatible coa percepción de calquera axuda de carácter público ou privado para a mesma finalidade.



TERCEIRA. Duración

A duración do préstamo do ordenador portátil estenderase ata que desaparezan as causas que motivaron a súa solicitude ou, en todo caso, como data límite, ata o 20/07/2026.

CUARTA. Propiedade dos ordenadores prestados e finalidade do seu uso

Os 47 ordenadores portátiles susceptibles de préstamo son propiedade da Universidade da Coruña e serán empregados exclusivamente con fins académicos. Calquera outro uso poderá dar lugar a responsabilidades económicas e disciplinarias.

QUINTA. Solicitudes

A persoa solicitante deberá enviar a solicitude de préstamo asinada, que figura como anexo I desta convocatoria, ao correo electrónico sape@udc.gal.

Xunto á solicitude deberá achegar o xustificante de pagamento dos prezos públicos de matrícula do curso 2025/26 e algún dos seguintes documentos:

- Notificación da Secretaría de Estado de Educación relativa ao cumprimento dos requisitos económicos da bolsa de carácter xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional e Deportes para o curso 2025/26.
- Xustificante da percepción da axuda da UDC para o estudantado en situación de dificultades económicas do curso 2024/25.
- Resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social prevista no artigo 28.3 da Lei 19/2001, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital.
- Xustificante da situación persoal e socioeconómica da unidade familiar do estudantado.

SEXTA. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria.

SÉTIMA. Adxudicación

O préstamo dos ordenadores portátiles adxudicarase ás persoas solicitantes de acordo coa seguinte orde de prioridade:

1. Persoas que non teñan ningunha titulación universitaria.
2. Persoas beneficiarias da axuda da UDC para o estudantado en situación de dificultades económicas do curso 2024/25 ou que perciban o ingreso mínimo vital.
3. Solicitantes de bolsa que cumpran os requisitos económicos establecidos na convocatoria de bolsas de carácter xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional e Deportes para o curso 2025/26.
4. Persoas que acrediten dificultades económicas e/ou persoais.

Priorizarase a matrícula completa sobre a matrícula parcial. En caso de igualdade de condicións, terase en conta a rigorosa orde de presentación das solicitudes no correo electrónico sape@udc.gal



OITAVA. Resolución

O órgano competente para resolver o procedemento será a Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade, que tamén estará facultada para resolver calquera dúbida relacionada coa convocatoria.

A publicación das resolucións no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC considérase válida para efectos de notificación ás persoas interesadas, sen prexuízo de que se lles poida comunicar a través da conta de correo institucional da UDC.

A Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade publicará no TEO da UDC a relación provisoria de solicitudes concedidas, as que fican na listaxe de agarda e as denegadas, neste último caso coa indicación do o motivo da denegación. A partir do día seguinte a esta publicación, as persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles para presentar as alegacións que estimen oportunas, a través do correo electrónico sape@udc.gal.

Finalizado este prazo e, de ser o caso, unha vez valoradas as alegacións presentadas, a Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade publicará no TEO a resolución definitiva, en que se recollerá a relación de solicitudes concedidas, en listaxe de agarda e as denegadas.

Contra a dita resolución poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición ante o reitor da UDC no prazo dun mes, conforme o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o disposto nos artigos 8.3 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Os prazos contarán desde o día seguinte ao de publicarse a resolución.

NOVENA. Entrega e devolución do material

O préstamo dos ordenadores portátiles é persoal e intransferible.

A entrega realizarase segundo a titulación en que estea matriculado o estudiantado:

- a) Campus da Coruña: deberá recollelo no Servizo de Estudantes, na Casa do Estudiantado (Elviña).
- b) Campus de Ferrol: deberá recollelo no Negociado de Asuntos Xerais, no Edificio de Usos Administrativos, primeiro andar (Esteiro).

O ordenador portátil adxudicado deberá ser retirado no prazo máximo de 10 días hábiles que comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución definitiva de solicitudes concedidas. No caso de non recollelo no prazo indicado, entenderase que a persoa beneficiaria renuncia ao préstamo e procederase a asignar o equipo ao/á seguinte solicitante, segundo a orde establecida na listaxe de agarda.

As persoas beneficiarias procederán á devolución do ordenador portátil cando cesen as causas que motivaron a súa solicitude e, en todo caso, con data límite do 20/07/2026, tal e como se recolle na base terceira desta convocatoria. A devolución realizarase de forma presencial no mesmo lugar en que se fixo a súa entrega.

Unha vez devoltos, os ordenadores portátiles serán formatados, polo que a persoa beneficiaria será a responsable de extraer previamente aquela información que queira conservar. A UDC non se fai responsable da posible perda de información.



No caso de que non se devolva o ordenador portátil, a UDC adoptará as medidas oportunas para a súa recuperación e, de ser o caso, obter a correspondente indemnización polos gastos xerados.

DÉCIMA. Préstamo temporal de ordenadores portátiles debido a causas excepcionais sobrevidas.

Con carácter excepcional, porase a disposición do estudantado un servizo temporal de préstamo de ordenadores portátiles destinado a quen necesite substituír o seu dispositivo propio por motivos de reparación ou outras causas sobrevidas.

Para cumprir co establecido nesta base, dos 47 ordenadores dispoñibles, reservaranse 6 dispositivos (4 unidades destinaranse ao estudantado do campus da Coruña e 2 ao estudantado do campus de Ferrol).

O préstamo terá unha duración máxima de dous meses e poderase solicitar en calquera momento do curso académico ata o 20/07/2026.

A persoa interesada deberá enviar a solicitude de préstamo asinada, que figura como anexo II desta convocatoria, ao correo electrónico sape@udc.gal.

Xunto á solicitude deberá achegar o xustificante de pagamento dos prezos públicos de matrícula do curso 2025/26, e, de ser posible, a documentación que xustifique a causa que a motiva.

UNDÉCIMA. Condicións do préstamo

O estudantado beneficiario acepta as condicións de préstamo fixadas nesta convocatoria e será responsable da custodia e o uso correcto do ordenador portátil, que deberá destinar a actividades académicas universitarias, mediante os recursos TIC que a UDC pon á súa disposición.

A persoa beneficiaria comprométese a non manipular o hardware instalado.

No caso de extravío, deterioración ou perda do ordenador portátil cedido en préstamo, a persoa beneficiaria será responsable da súa reposición.

Calquera anomalía ou mal funcionamento durante o préstamo debe ser comunicado inmediatamente ao correo electrónico sape@udc.gal.

DUODÉCIMA. Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretaria.xeral@udc.gal.



A solicitude do préstamo do ordenador portátil implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e con lexitimidade nalguna das bases previstas no artigo 6 do RXP, coa finalidade da correcta xestión das axudas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude, no Taboleiro Oficial Electrónico (TEO) da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7.^a da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no devandito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria. Terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Tamén terá dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. De igual maneira, terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderá exercelos dos seguintes xeitos:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, <https://sede.udc.gal/>, no apartado Outros trámites.
- b) Mediante unha solicitude dirixida á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), no ao enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ou ao correo electrónico rpd@udc.gal. Tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais desta universidade.
- c) Mediante unha solicitude dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, no mesmo enderezo postal anteriormente indicado ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais desta universidade.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Asinado na Coruña, na data da sinatura dixital.

O reitor,

P.D. A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade

RR. 10 de xullo de 2024

María José Lombardía Cortiña



ANEXO I

SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DUN ORDENADOR PORTÁTIL CURSO 2025/26		
DATOS PERSOAIS		
DNI:	APELIDOS:	NOME:
XÉNERO: ☐ Masculino ☐ Feminino ☐ Non binario ☐ Outro		
GRAO/MÁSTER QUE SE ESTÁ A CURSAR		
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
CORREO ELECTRÓNICO:	TELEFONO MÓBIL:	
RÚA:	N.º:	ANDAR:
CONCELLO:	CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA:

Expón:

- ☐ Que non dispoño de ordenador portátil nin de medios para a súa adquisición.
- ☐ Que non percibo ningunha axuda de carácter público ou privado para a mesma finalidade.
- ☐ Que cumpro algún destes requisitos:
- ☐ Son solicitante da bolsa carácter xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional para o curso actual e cumpro os requisitos económicos establecidos na convocatoria.
 - ☐ Percibín a axuda da UDC para o estudantado en situación de dificultades económicas no curso 2024/25.
 - ☐ Percibo a prestación do ingreso mínimo vital.
- ☐ Que non estou en posesión de ningunha titulación universitaria.
- ☐ Que acepto as condicións do préstamo, así como as de devolución do ordenador portátil cando cesen as causas polas que se solicitou e, en todo caso, con data límite ata o 20/07/2026, segundo as bases establecidas na convocatoria.
- ☐ Que coñezo e acepto os termos da protección de datos (duodécima base da convocatoria).

Sinatura do/a alumno/a		
Datos do ordenador portátil prestado		Servizo de Estudiantes da Coruña/ Negociado de Asuntos Xerais de Ferrol
N.º de serie:	N.º de inventario	Data/selo:
Recibín o ordenador portátil:	Data/sinatura:	



DEVOLUCIÓN DO ORDENADOR PORTÁTIL

Alumno/a	Servizo de Estudiantes da Coruña/ Negociado de Asuntos Xerais de Ferrol
SINATURA:	DATA/SELO:



ANEXO II

SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DUN ORDENADOR PORTÁTIL POR CAUSAS SOBREVIDAS CURSO 2025/26

DATOS PERSOAIS

DNI:

APELLIDOS:

NOME:

XÉNERO: ☐ Masculino ☐ Feminino ☐ Non binario ☐ Outro**GRAO/MÁSTER QUE SE ESTÁ A CURSAR****ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

CORREO ELECTRÓNICO:

TELÉFONO MÓBIL:

RÚA:

N.º:

ANDAR:

CONCELLO:

CÓDIGO POSTAL:

PROVINCIA:

Expón:

- ☐ Que por motivos de reparación ou outra causa sobrevida non dispoño do meu ordenador persoal e preciso substituílo temporalmente.
- ☐ Que acepto as condicións do préstamo, así como as de devolución do ordenador portátil cando cesen as causas polas que se solicitou e, en todo caso, aos dous meses de recibir o ordenador en préstamo, segundo as bases establecidas na convocatoria.
- ☐ Que coñezo e acepto os termos da protección de datos (duodécima base da convocatoria).

Sinatura do/a alumno/a

Datos do ordenador portátil prestado**Servizo de Estudiantes da Coruña/
Negociado de Asuntos Xerais de Ferrol**

N.º de serie:

N.º de inventario

Data/selo:

Recibín o ordenador portátil:

Data/sinatura:



DEVOLUCIÓN DO ORDENADOR PORTÁTIL

Alumno/a	Servizo de Estudiantes da Coruña/ Negociado de Asuntos Xerais de Ferrol
SINATURA:	DATA/SELO: